



Val do Dubra participa no Obradoiro dual de Emprego “Valora 2026” A iniciativa, promovida polo Concello de Negreira, desenvolverase en colaboración coa Baña, Val do Dubra e Santa Comba

O programa formará a 20 persoas en albanelería e limpeza durante nove meses.

O Concello de Val do Dubra colaborará cos concellos da Baña, Negreira e Santa Comba no desenvolvemento do obradoiro dual de emprego Valora 2026.

O Concello de Negreira, como entidade promotora, recibiu unha subvención de 454.552 euros da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración para poñer en marcha esta iniciativa de formación e emprego.

O obradoiro contará con 20 prazas de alumnado traballador, distribuídas entre as seguintes especialidades:

- Operacións auxiliares de albanelería de fábricas e cubertas (EOCB0208): 12 prazas.
- Limpeza en espazos abertos e instalacións industriais (SEAG0209): 8 prazas.

O programa terá unha duración de nove meses e contará cun equipo formado por unha persoa responsable da dirección, dúas persoas docentes das especialidades e unha persoa titora de apoio.

Inscripción aberta ata o 23 de setembro

As persoas interesadas poden inscribirse na Oficina de Emprego Santiago Norte ata o mércores 23 de setembro, ás 14.00 horas, ou a través da oficina virtual do Servizo Público de Emprego de Galicia.

Está previsto que o obradoiro comece o 15 de outubro de 2026.

Para obter máis información pódese contactar co departamento de emprego do Concello de Val do Dubra, ou cos concellos colaboradores da Baña e Santa Comba e coa entidade promotora de Negreira.